



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
VINTE E NOVE DE MAIO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e nove de maio de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/04/2013)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezasete de abril do ano que andamos, que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para exixir a retirada da Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE) polo seu carácter centralizador e desgaleguizador.

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que expón que o anteproxecto da *Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa* (LOMCE) significará, de se consagrar, un reforzamento de moitas cuestións totalmente negativas para o sistema educativo, que os axentes sociais e profesionais levan anos a denunciar, presentando un texto que sendo fundamente centralizador, clasista e sexista, converte en mercantil a educación e pretende afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático.

Sinálase tamén, que ademais doutras consideracións representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíble ao negar a realidade plurilingüe, atendendo ás distintas realidades, elimina a opción da inmersión lingüística, ao establecer un mínimo de materias nas dúas linguas



cooficiais, deixando o galego de ser lingua troncal e recibe unha consideración inferior á da primeira lingua estranxeira.

A realidade correspóndese pois, coa falta de dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes e coa exclusión do coñecemento do galego dende as idades máis temperás nun ensino cada vez máis castelanizado, reforzando o citado anteproxecto aínda moito máis a idea de que os únicos deberes para as administracións públicas teñan por referencia o uso do castelán.

Por iso solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- A retirada do anteproxecto da lei orgánica para a mellora da calidade educativa.

2º.- A esixencia de que a Xunta de Galicia solicite ao Goberno do Estado a retirada do anteproxecto da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, por invadir as súas competencias.

3º.- A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se inspire e partindo, polo tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado Español.

O Sr. Pose do BNG expón que na Comisión Informativa, despois da exposición da moción, o PP decidiu non apoiala porque ao seu entender estaba excesivamente politizada, manifestando que está disposto a eliminar todo o texto, incluído a exposición de motivos, quedando reducida a “A retirada do anteproxecto da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa e comunicarllo á Xunta e ao Goberno do Estado”.

De seguido fai unha defensa da moción presentada baseándose en argumentos que non lle corresponden a el, senón ao colectivo de cristiáns e cristiás de base de Madrid, en concreto nunha carta remitida ao Presidente do Goberno o 27/11/2012 e outra máis nunha serie de curiosidades escritas por teólogos e xesuítas.

Así por exemplo menciona que na 1ª carta remitida piden que se denuncien os acordos ante a Santa Sede e o Estado Español asumidos en xaneiro de 1979, en substitución de anteriores concordatos, indicando no punto 4 “no ámbito da educación resulta totalmente irregular que sexa o estado o que lle pague aos profesores de relixión e sexan os bispos os que elixan e poidan expulsar ás súas conveniencias, á marxe da normativa que rexe ao resto dos profesores”; sinalando en temas de educación que “convencidos de que a escola debe non só transmitir coñecementos, senón propiciar a formación plena do alumno ten que garantir de forma universal, igualitaria, -e a única posibilidade está dentro dunha escola pública- por iso pensamos que esta tarefa non lle incumbe á igrexa, que non representa ao conxunto da poboación senón só a unha parte, e con todo a Igrexa a través de diferentes confesións relixiosas acapara hoxe 2/3 dos centros educativos non públicos”.

Di tamén que o 22/03/2013 a citada asociación escribe outro documento “a longa man da Igrexa Católica na escola pública, lei WERT” “sacar da escola a relixión como unha medida razoable, entendemos que esta é a opción máis coherente co ideal da sociedade democrática á que aspiramos e cos valores máis radicais do cristianismo auténtico”. “O preámbulo da Lei 11 non considera a educación coma un ben público, senón que a considera unha actividade orientada a incidir no sistema”, é dicir, non se trata de conseguir que a escola teña como obxectivo a formación integral das persoas senón de ser bos actores no sistema de produción de consumo, en consecuencia



acontecen cousas incríveis como por exemplo que da nosa escola retiren por exemplo a filosofía.

Ademais sinala que na Lei 11 hai un fomento claro de educación concertada, sendo una falacia o de que é máis económica.

En canto á relixión na escola a citada asociación manifesta “a insólita acumulación de poder por parte do PP dende o ano 2011 volveu a reabrir a porta cara un pasado nacional catolicismo que parecía terse debilitado” e trátase de palabras escritas por persoas intimamente enraizadas coa relixión católica, para “avanzar cara un estado laico auténtico e respectar a liberdade de conciencia de todos os alumnos, e por extensión de todos os cidadáns, necesitando primeiro unha reforma da constitución, que consagra o carácter laico do Estado.”. “O anteproxecto do PP limítase a apelar ao citado acordo coa Santa Sede para xustificar unha regresión ao nacional catolicismo, recollidos na Constitución e eliminar de facto os dereitos efectivos á liberdade de conciencia e libre elección de todos os cidadáns”.

Sobre de como a Lei 11 pretende artellar isto, di que permitir que a educación relixiosa puntúe en igualdade de condicións que as matemáticas é unha aberración de tal calibre que non hai parangón, e eliminar “educación para a cidadanía” aínda lle parece unha aberración maior, porque serve entre outras, para que a xente coñeza as normas básicas que temos para organizarnos politicamente en democracia, sendo o único país de Europa que non a tería. Polonia ten unha materia parecida, e a cambio inclúe relixión nas aulas.

Di que os cristiáns de base entenden que “sacar da escola o ensino confesional da relixión é máis coherente co ideal de sociedade democrática a que aspiran e cos valores máis radicais do cristianismo xenuíno, que nunca propuxo aproveitarse do poder político para propagar a fe, é dicir, a Igrexa, comunidade de crentes, debe transmitir a fe no seo da propia comunidade, a través do testemuño dos seus propios membros e non apoiarse en privilexios de poder. Trátase de transmitir fe e non ensinar relixión, e isto só ten cabida lexítima no marco das igrexas, mesquitas, sinagogas; non dende as institucións públicas que son de todos e deben estar ao servizo do conxunto da sociedade”.

Expón tamén que a Lei Wert fomenta a privatización do ensino, sinalando a repetida asociación, que “coa Lei Wert os concertos educativos pasarán a ser o instrumento definitivo para a privatización da educación, a restauración da confesionalismo relixioso, posto que 2/3 dos colexios que non son públicos, son de confesión relixiosa, e unha gran parte ligada ao Opus Dei..... Con esta Lei o Estado xa non será o dono da escola, será a Igrexa Católica”.

Por último di que na corporación hai cristiáns de base e que o que teñen que discernir agora é se é máis importante o que lle adoutrinan dende Madrid o seu partido, ou a súa condición ética e moral, que está por diante, solicitándolles a todos os membros do pleno o voto a favor da moción.

O Sr. Lema do PP expón que se trata dunha moción de partido, anunciando que o seu grupo non vai apoiala.

Di que o seu grupo considera que o tema da educación debe de saír do debate da loita partidaria, e realmente lamenta que a lei non acade o consenso que se debería acadar nunha lei de educación, posto que estas na medida do posible débense modificar soamente cando fose estritamente necesario, e sempre atendendo ao maior consenso posible ao interese e ben xeral; ben é certo que existen déficits en educación a nivel de



España, pero realmente como tal posicionamento político van rexeitala, esperando que a lei responda ao espírito que anuncia no seu nome, mellora da calidade educativa.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que dende o PSdG-PSOE, ao igual que pide o BNG, con esta moción reiteran a necesidade de que esta lei orgánica para a mellora da calidade educativa, debería ser rexeitada, presentando o BNG unha moción de partido que ben puidesen ter presentado eles ou outros grupos, posto que poden ou non coincidir na parte dispositiva, máis ou menos politizada, pero existe unha na que todos están de acordo, que sería a retirada do anteproxecto.

Di tamén que despois de que todos os partidos políticos, sindicatos, mestres, alumnos... manifestasen un “non” rotundo a esta lei, o pasado día 17 o Consello de Ministros aprobou a denominada “lei Wert” para que continúe co trámite parlamentario. Expón que o voceiro do Grupo Popular di que é unha moción cunha forte carga ideolóxica, pero que esta é unha lei orgánica cunha carga ideolóxica tan forte que carece do mínimo consenso entre os actores sociais e que provoca o rexeitamento da inmensa maioría da cidadanía.

Sinala que na exposición de motivos establece como principio inspirador deste modelo de educación, e polo tanto do sistema educativo, que a educación sexa o motor do desenvolvemento do país dende un punto de vista económico e que mellora a competitividade e o crecemento dirixido, polo tanto, exclusivamente á produción e ao crecemento económico como única xustificación para abordar esta reforma; e para conseguir isto a proposta é clasificar e seleccionar ao alumnado, dirixilo por uns itinerarios e que poñen barreiras para dificultar o seu acceso e a continuidade no sistema educativo; é un modelo educativo baseado na exclusión e na selección dos alumnos.

Expón ademais que a educación debe ter como máxima aspiración a equidade, a integración, a cohesión, a promoción social, pero neste modelo queda absolutamente esquecido, e sen renunciar á mellora da calidade constante deste sistema educativo, e como consecuencia conseguir que o alumnado teña unha mellora formación e cualificación; propoñer unha reforma educativa, baseada na competitividade e no crecemento económico, ao seu xuízo, di que o único que fomenta é unha sociedade dividida, non garante a universalización nin a gratuidade, un modelo no que a escola pública perde protagonismo e no que os poderes públicos non exercen ese liderado social que se espera deles.

Di que a Lei 11 fala de calidade como garantía de igualdade social, pero pon barreiras para a elección do alumnado e das familias creando itinerarios que conducen á saída do sistema; en definitiva protexe e ampara aos que teñen máis posibilidades económicas.

Un modelo educativo debería propiciar o desenvolvemento integral do alumnado, non só dende a súa capacitación para o emprego e a produción, senón tamén para a súa formación cultural e artística, para a súa educación en valores democráticos e igualdade, e nisto cre que todos están de acordo.

Con respecto á educación en valores a modificación que introduce esta Lei, que permite que o alumnado poida elixir simultaneamente a clase de relixión e a súa alternativa, segue sendo unha opción contraria ás indicacións dos órganos internacionais que recomendan unha educación en valores obrigatorios para todo o alumnado, máis alá do exposto polo voceiro do BNG, estase a perder algo que se instaurou na anterior reforma e que realmente debería manterse e consideralo como algo positivo e a preservar.



Manifesta que a Lei 11 fala dunha autonomía dos centros pero non contempla a discriminación positiva mediante a asignación de recursos diferenciados para aqueles que teñan un alumnado con desvantaxes sociais.

Di tamén que no 1º borrador desaparecía a participación dos pais/nais e alumnado das decisións de control do centro, o que é realmente anticonstitucional; o Consello Escolar pasa a ser algo simplemente consultivo e todas as decisións recaerán na figura do director, que mesmo terá a capacidade de rexeitar ou designar profesorado e decidir sobre a admisión de alumnos.

Continúa a súa exposición indicando que estamos a falar dun modelo educativo que supón un atraso de máis de 30 anos, unha volta a unha sociedade elitista, que se xustifica no esforzo e na esixencia, pero que máis esforzo que o que están a facer moitas familias para que os seus fillos/as ingresen no sistema educativo e poidan ter continuidade. Que na citada Lei tampouco se recoñece o labor e o prestixio do profesorado porque encomenda a avaliación externa, a realización de probas de superación, o diagnóstico, as súas capacidade e as súas posibilidades de progreso no sistema educativo, e finalmente tampouco incorpora unha memoria económica clara e consistente, posto que a presentada non foi aceptada polas Comunidades Autónomas e fundaméntase máis na redución orzamentaria e nos recortes ca nos investimentos, e sen un compromiso firme de investimentos na educación non pode existir mellora do modelo educativo, mencionando que durante o goberno do PP a nivel nacional e autonómico o investimento en educación descendeu máis de 0,5 do PIB. Por todo iso, súmase ao pedimento de retirada desta Lei e de obter o apoio dos grupos, xa non por unha cuestión política, senón polo tanto de que algo terá que carece do mínimo consenso, que se debería esperar dunha lei orgánica desta envergadura, que ten a repercusión social que todos saben.

O Sr. Alvela de TEGA sinala que o peor da lei xa se expuxo aquí polos membros da oposición, expoñendo que aínda que non a coñece en profundidade non todo é malo, ten partes boas, e algunhas que non se consideraron aquí como o caso da devolución das becas por parte dos alumnos que non aprobaran o 50% dos créditos, considérao moi grave.

En canto ao tema da relixión, di que ten alternativas, que non é obrigatoria, que hai valores sociais en primaria e éticos en secundaria, dos que estamos escasos, porque a sociedade de agora é unha sociedade exenta de todo tipo de valores ao marxe da relixión.

Sinala tamén que a Lei debería ter moito máis consenso cos demais grupos, porque afecta a todas as clases sociais, por este motivo vai apoiar a retirada da Lei, aínda tendo claro que hai certos aspectos cos que podería estar de acordo, pero como nas mocións hai que apoialas ou non, aínda que neste caso o voceiro do BNG manifestou que estaba disposto a reducir a mesma a solicitar a retirada da lei.

Ademais tamén sinala que as leis están aprobadas segundo a óptica de quen está gobernando, e neste caso dende unha óptica de dereitas, aínda que considera alarmista sinalar que supón unha volta á posguerra, e que determinadas cuestións poden ser interpretables como é o caso da supresión da selectividade, e que non ve nada malo en que o Estado retire algunhas competencias ás Comunidades Autónomas que non teñen ningún reparo en impedir a exclusión do territorio e a intentar que dende o Estado se intente poñer freo a estas políticas absolutamente separatistas, posto que deben convivir os idiomas, agora non son troncais, pero si son optativos.



O Sr. Pose di que en canto a que se trata dunha moción de partido, que xa anunciou que estaba disposto a retirar o texto e que quedase reducida a solicitar a retirada da Lei, e que efectivamente xa levamos sete reformas, pero que aposta a que dentro de dous anos hai unha nova lei de educación.

Sobre se a actual lei é boa ou mala, di que se trata dunha falacia máis, porque a actual lei de educación é unha progresión dunha lei que foi aprobada hai máis de 25 anos, e que se vén modificando pero sempre bebendo do mesmo manancial, que partiamos dunha situación terrible, e ao chegar o 1º goberno socialista converteu a educación en universal, gratuíta,. En 30 anos escasos conseguimos acadar porcentaxes de estudos universitarios entre 25-45 do 70%, que é unha proporción a nivel de toda Europa brutal, considerando unha barbaridade dilapidar todo este capital, porque aínda así como esta Lei tan mala, os nosos universitarios traballan con grupos de investigación conseguindo logros importantes.

En canto á relixión ou materia paralela, di que o problema é moito mais grave, porque se a relixión puntúa en igualdade de condicións que as matemáticas, loxicamente os colexios relixiosos van facer o posible para que os seus alumnos teñan unha “supernota”, en función duns criterios de profesores postos por un bispo e que non se ateen a ningunha lei.

Polo que respecta á supresión da selectividade, manifesta que os estudantes teñen que ir examinarse á universidade que lle toque, preguntándolle ao equipo de goberno cantos de Vedra poden pagar os gastos de tres días para examinarse na Universidade de Madrid; e polo que respecta ao manifestando polo Sr. Alvela sobre da retirada de competencias a Comunidades Autónomas separatistas, di que as cousas non se poden facer por imposición senón pola vía de convicción.

Dona Lucía González intervén de novo para expoñer que levamos dous anos de promesas incumpridas dun programa electoral que lle supuxo acadar unha maioría absoluta no goberno central, procedendo á lectura da intervención do Sr. Rajoy na sesión de investidura, reflectida no Diario de Sesións do Congreso de Diputados “La educación es mucho más, es el fundamento esencial para la libertad, la igualdad de oportunidades, la cohesión social y la convivencia democrática. La España del futuro dependerá de nuestro sistema educativo, no podemos permitirnos el lujo de replantear el modelo de nuestra educación al compás de cada cambio de gobierno, por lo tanto buscaremos el más amplio consenso para abordar los cambios que requiera la situación actual.” E a comparencia do Ministro de Educación na Comisión de Educación “nuestra voluntad de entendimiento es sincera, prueba de ello es que no hemos caído en la tentación de aprovechar la amplia mayoría que nos han confiado los ciudadanos para aprobar una nueva ley general educativa, no sería bueno para la educación española pasar de nuevo por un trance que genere inestabilidad-, entendendo que o cento por cento da cidadanía española séntese defraudada e enganada - tenga la seguridad de que por mi parte la palabra clave va a ser también el diálogo con la oposición, diálogo con las CC.AA que tienen las competencias de gestionar la mayor parte de las que trate este Ministerio y diálogo amplio y sincero con la comunidad educativa”.

Expón tamén que existe un ditame do Consello de Estado que cuestiona aspectos esenciais do proxecto da Lei 11, relacionados coa participación, autonomía dos centros, currículo...chegando a dicir que sería desexable que se tratase de acadar un acordo xeral das forzas políticas e sociais a prol de conseguir un texto que pide maior estabilidade ao sistema educativo, e que non hai que perder de vista que tal e como se está a desenvolver a tramitación desta lei orgánica estase atentando incluso contra a



constitución, que no seu artigo 27 considera que a educación é un dereito fundamental, que terá como finalidade o pleno desenvolvemento da persoa humana no respecto dos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais, que establece tamén que os poderes públicos deberán garantir o dereito de todos á educación mediante a programación xeral do ensino, coa participación efectiva de todos os sectores afectados.

Por último reitera que se sumen á moción solicitando que se retire e que traten de acadar consenso nesta lei con todos os sectores involucrados, e realmente facer cumprir as verbas ben intencionadas a principios da lexislatura.

Posta a votación a citada moción apróbase con sete votos a favor do PSdG-PSOE, BNG e TEGA e seis en contra do PP.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre da reforma da Lei do aborto

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorables como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a menor valoración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obriga de recibir información acerca das axudas ás nais.

A posta en práctica deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo, sendo a máis grave as limitacións de acceso á sanidade pública, que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública, supoñendo un retroceso de décadas que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva, pretendendo aplicar un programa ideolóxico dos grupos ultrarrelixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galicia.



4º.- Instar á Xunta de Galicia a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

5º.- O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

O Sr. Pose do BNG anuncia que na defensa da moción vai utilizar os mesmos argumentos que utilizou na moción anterior, neste caso de comunidades de cristiáns de Andalucía, de Madrid e opinións dalgúns teólogos.

Así expón que as comunidades cristiás manifestaron que esta reforma vainos devolver á doutrina franquista na que determinadas mulleres viaxaban ao estranxeiro para abortar, mentres que outras sen recursos, tiñan que facelo clandestinamente coa dobre angustia do risco sanitario e do dereito penal, manifestando o seu rotundo desacordo ante a actitude do Episcopado Español coa crecente agresividade impoñéndolle a toda a sociedade a súa particular visión sobre da moral sexual, resultando máis irritante se cabe, porque a propia Igrexa Católica non reconece na súa organización a igualdade entre homes e mulleres, pronunciándose claramente a favor do protagonismo de cada muller ante unha decisión tan estritamente persoal, moitas veces dolorosa e traumática.

De seguido cita outros artigos, como o subscrito por teólogos progresistas e líderes católicos, que ven inhumano que unha lei obrigue a parir discapacitados, debendo o cristianismo evitar o sufrimento non legalizado, e determinados teólogos como Mar Grandal de católicos con dereito a decidir, “non podemos crer que haxa un Deus tan sádico e perverso que apoie unha lei así, a reforma traerá consigo o aborto clandestino”. Margarita Pinto, da asociación diálogo interrelixioso “o 20% das mulleres que apoian a reforma segundo as enquisas non están en idade de ter fillos, ou se poden van abortar fóra”; Juan José Tamayo, voceiro de Teólogos Juan XXIII “a nova lei condenará nun futuro a miles de persoas a nacer con discapacidade e a levar unha vida infeliz e sen sentido”; Juan M. Calaval, xesuíta, profesor de bioética na Universidade Católica de Sofía “un deputado/a -neste caso poderíase dicir concelleiro/a - crente poderá manter a súa convición en favor da vida nacente e á vez apoiar unha lexislación que non penalice, en determinados supostos, as opcións autónomas da nai sobre da interrupción do seu embarazo, non confundido o ámbito do penal co moral e relixioso.”

Sinala tamén que os teólogos progresistas e cristiáns de base acusan ao titular de Xustiza de ser correa e transmisión do integrista católico e rebélanse contra un proxecto que ao seu xuízo arrebatara ás mulleres os seus dereitos sexuais e reprodutivos, sendo inhumano coas persoas que veñen ao mundo con graves malformacións e ás súas nais.

Cita tamén a opinión da asociación “redes cristiás “crear un problema social co 83% da cidadanía en contra da anunciada reforma - que durará outros dous anos pero neste caso crearalle un problema real a moita xente - é unha temeridade, unha torpeza política de primeira magnitude, -máis aínda porque no programa electoral de 2011 o PP non incluía esta reforma - nin as recomendacións do comité de dereitos das persoas con discapacidade da ONU do 2006, que esixe unha reforma da lei como a anunciada. Dende a asociación entendemos que non se pode facer política partidista a calquera prezo e moito menos cun tema que afecta profundamente á sociedade”, e recórdalle que



Celia Villalobos rompeu recentemente a disciplina do partido nunha votación sobre esta lei.

Por último solicítalle aos membros do equipo de goberno que poñan por diante os seus principios persoais á disciplina do seu partido, que na actualidade está xestionado por auténticos integristas relixiosos.

O Sr. Lema do PP di que se trata dunha moción tipicamente de partido, moi respectable na súa consideración pero realmente consideran que o aborto é un tema especialmente sensible que debería estar tamén totalmente apartado da loita partidaria.

Expón que dende o ano 1985 que se creou unha lei de supostos, que tivo un gran consenso, funcionou sen ningún tipo de problema durante 25 anos, e ese consenso rachouse no ano 2010 unilateralmente por parte do Partido Socialista ao establecer unha nova lei de prazos, que non estaba sustentada en ningún tipo de consenso e loxicamente agora a reforma camiña cara esa lei de supostos, que ademais de ter un gran consenso levaba o aval do Tribunal Constitucional, polo que baseándose nestas consideracións van rexeitar a moción.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que o seu grupo vai apoiar a moción, subscriben todas as argumentacións feitas polo concelleiro do BNG, preguntándose porque vén agora esta lei, cando está vixente a do 2010, aínda que o PP ten presentado un recurso de inconstitucionalidade, que aínda está sen resolver, amparándose na lei de supostos de 1985 e nunha sentenza do Tribunal Constitucional, cando na mesma establece que hai que garantir os dereitos fundamentais das mulleres.

Expón que, por outro lado, a lei de 2010 estase a aplicar sen problemas, aínda que tivo a súa contestación no seu momento dos colectivos que non estaban de acordo, é semellante ás que existen nos países europeos do noso entorno, que permite que as mulleres tomen decisións difíciles, pero de xeito libre e informadas dentro duns tempos concretos, que veñen avaliados ata dende un perfil médico, e garante unha interrupción do embarazo legal e segura, o que significa que porque exista esa lei esteamos obrigados a abortar.

Sinala que estamos ante unha reforma que neste momento non resolve nada, na situación na que estamos hai outros temas máis importantes, e o que si vai provocar é problemas de saúde para as mulleres, porque se verán obrigadas a tomar a mesma decisión nunhas condicións que carecen de garantías en moitos casos, e abre un abanico de que ante a imposibilidade dunha interrupción do embarazo ter que coidar un fillo que vai sobrecargar ao sistema sanitario que se está a recortar diariamente, máis alá da carga emocional de ver padecer a un fillo. Di tamén que estamos ante unha reforma que non está entre as demandas nin as preocupacións dos cidadáns, polo que puideron esperar ou tela presentado a principios da lexislatura, aínda que intentárono o ano pasado, pero como ben dixo o voceiro do BNG, un 83% da cidadanía estaba en contra, unha boa parte deles votantes do PP e a maioría declarábanse católicos, polo que en conclusión para ninguén é necesaria, agás para o PP e para os bispos.

Por último di que supón un retroceso nos dereitos fundamentais das mulleres e ata nos dereitos dunha vida digna das persoas con discapacidade, polo que súmase aos pedimentos do BNG esperando que fagan reflexionar aos demais e contribúan para facer unha reflexión dentro do partido e unha revisión da proposta.

O Sr. Alvela de TEGA expón que ante todo é dun defensor da vida en todas as súas etapas, e que existía unha Lei do ano 1985, de prazos, que contemplaba aqueles casos concretos que se seguen a contemplar na lei actual: violación, malformación grave



do feto e dano físico e psíquico da nai, e que sen que viñese a conto o goberno anterior cambiou as cousas, e en vez de promover métodos para evitar o embarazo fixo do aborto, cunha falta absoluta de ética, unha lei anticonceptiva.

Di que efectivamente o nacemento dun neno/a muda a vida dos pais, sobre todo da nai, pero sempre foi así; ata os animais o teñen máis claro, non estando para nada de acordo coa Lei do 2010 que permitía que ata as 14 semanas, sen motivo algún, se puidese interromper o embarazo, e que tiña a esperanza de que o PSOE tivese outra visión do tema.

O Sr. Pose di que esa lei de prazos existe en todos os países de Europa, agás en Polonia e en Irlanda, recordando o que pasou neste último fará cousa de cinco meses cando morreu unha muller porque os médicos se negaron a practicarlle un aborto, e que o 83% da poboación está en contra desta reforma, facendo una reflexión sobre de quen é o Estado para decidir sobre a interrupción do embarazo dunha muller.

Dona Lucía González insiste en que porque exista unha Lei do aborto non é obrigatorio, simplemente esa lei o que fai é garantir un dereito a tomar unha decisión moi difícil con legalidade.

Por último, o Sr. Alvela de Tega di que está de acordo en que os pais poidan decidir no caso de malformacións do feto e outros contemplados, pero non sen motivo algún antes das 14 semanas de xestación.

O pleno, posta a votación a citada moción, rexéitaa con seis votos a favor do PSdG-PSOE e BNG e sete en contra do PP e de TEGA.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-Á pregunta do PSdG-PSOE sobre das sacas de madeira, di que as pistas xa están arranxadas, de todos os xeitos rógalles que se saben dalgunha que avisen.

--Ás preguntas do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Á pregunta presentada fai uns días por rexistro sobre da actividade profesional do Alcalde “o Alcalde ten ocupacións marxinais , á parte da súa dedicación exclusiva ao concello, pola que ten percibido ou poida percibir outras remuneracións ou restar tempo á súa dedicación á Corporación?; di que as ocupacións que poida ter o Alcalde son marxinais e polo tanto non restan tempo dende logo á corporación, que como dixo no outro pleno é algo obvio e facilmente comprobable por todos, que se dedica en corpo e alma á Alcaldía, con máis ou menos acertos, pero cre que ningúen pode negar á súa dedicación permanente, constante e diaria e durante moito tempo ao nobre labor da Alcaldía, ao igual que fixeron outros Alcaldes que o precederon, e que en calquera caso se trataría de remuneracións puntais e marxinais.

2.- Sobre do Miradoiro de Sales, di que se está a estudar o tema en profundidade e con seriedade, porque á verdade é un tema importante e preocupante, quedándolle pendente algúns datos que se solicitaron ao Colexio de Arquitectos, crendo que nestes días terán todos os datos para poder responderlle e actuar consecuentemente, e que en todo caso, os expedientes están de manifesto por se queren revisalos.



3.- Á pregunta de TEGA sobre das fochancas nas pistas di que nestes días se está a arranxar, e que pouco a pouco quedarán todas solucionadas, que se comezou polos máis graves, solicitando a colaboración de todos para coñecer os máis urxentes.

E polo que respecta á pregunta de Tega sobre da finca de San Miguel, que formulou no pleno de marzo e que por erro non figura na acta, di que nestes días recibíuse unha novidade importante, porque chegaron as resolucións do xurado autonómico, onde o valor ofertado polo concello era superior incluso ao que estimaban eles, aínda que agora prevalece o primeiro. Di que ante esta novidade se puxo en contacto co asesor xurídico do Concello, Sr. Roibas, quen lle explicou que é posible que chegue pronto a sentenza do recurso contencioso presentado contra do concello polo acordo da expropiación urbanística, esperando que sexa favorable para o concello, e polo tanto o tema poderíase resolver relativamente en breve.

5º.- Rogos e preguntas

--Don Odón C. Cobas García, formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- As marquesiñas e colectores están cheos de propaganda que realmente son de fóra do concello, existindo unha ordenanza municipal creada ao efecto e que sería conveniente aplicala, como facían eles notificándolles aos responsables, incluso contempla sancións, máxime nestes meses de xullo e agosto coa celebración de moitas festas.

2º.- Vimos na prensa destes días que existe un protocolo asinado entre a Xunta de Galicia e a Alcaldesa de Silleda para facer un centro de día nesa localidade, incluso sen dispoñer de terreos, e dado que aquí si existen eses terreos, que custou moito traballo conseguilos, incluso un anteproxecto; e o problema non é que se faga ou non o centro de día, senón que o máis seguro é que o dono dos mesmos, se non se leva a cabo o proxecto, pode solicitar a recuperación dos mesmo, roga que se lle meta presión á Xunta para que se inicien os trámites oportunos, ou ben para outro tipo de actividade.

3º.- Felicita ao equipo de goberno polo éxito da Gala do Deporte e que aplicando o programa electoral do PP, que se contemple no proxecto do orzamento a creación dunhas axudas económicas para aqueles deportistas con proxección de futuro mediante algún tipo de bolsa.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE formula o seguinte rogo:

Dende o grupo socialista instamos ao grupo de goberno a que a través do Boletín Municipal, se lles indique aos veciños que queiran dispoñer de liña de teléfono+ADSL (INTERNET), e aos que se lles di dende Telefónica que non poden instalarlle, a que se poñan en contacto co concello para saber cantos poden estar afectados e, dependendo do número, poder presionar á empresa a que solvente esas dificultades. Todo elo sabendo que a única obrigação que ten Telefónica por ser a empresa que dá prestación do Servizo Universal de Banda Ancha, é a de proporcionar a todo aquel que llo solicite Banda Ancha, servizo chamado SUBA, pero limitada a 1Mb e por 3G, non por cable; é dicir, polo mesmo prezo menos prestacións.

Se queremos que todos os veciños gocen das mesmas prestacións, temos que ser conscientes de que Telefónica só vai a arranxar as dificultades -que son principalmente a falta de rede e para o que tería que instalar un novo cable- se o considera rendible e



para iso debemos de saber primeiro o número de veciños afectados, para así, polo menos, presionar dende o concello.

Tamén pregunta:

--Temos queixas de usuarios da ludoteca que nos din que pretenden vostedes quitar o servizo de autobús que se viña prestando nos últimos anos nos meses do verán para facilitarlles ás familias conciliar a súa vida laboral e familiar; dado as características da zona onde vivimos: un concello rural, poboación dispersa, ...se é así: Que cifras son as que manexan vostedes en canto a usuarios -custo? Se o problema é o custo para o concello, que supoñemos que será ese porque non se explica outro, estudaron vostedes outras opcións?. Cantos presupostos de empresas de transporte manexan?. Formuláronlles aos afectados a posibilidade de ter que subir a cota?

Roga por último que na pista polideportiva de San Xián, están as canastras sen aro, parece ser que dunha excursión de rapaces que pasou por alí. Rogamos que as arranxen xa que non supón moitos cartos, e é un espazo que nas actuais circunstancias non pode usarse, nin sequera, o noso campión de mates- Fabián Sende, que ven mañá a pechar as actividades deportivas.

--O Sr. Pose do BNG pregunta:

- 1.- Como está o tema da emisión a través de “streaming” dos plenos?
- 2.- Pregunta se se consumiron os 180.000 euros que viñeran da Deputación, solicitando o listado de gastos para os que se utilizaron.
- 3.- Como está o plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla? . Foron falar coa Asociación de Veciños, porque se non foron están desexando que o fagan.

Tamén di que sobre das actividades da Alcaldía fóra da dedicación exclusiva non é un problema del, senón un problema legal, que terán que ser aprobadas en Pleno, que non se trata dun tema persoal senón que se existe unha irregularidade haberá que arranxala.

O Sr. Secretario contéstalle que entende que calquera actividade que necesite dunha autorización do pleno ten que ser fixa e constante no tempo .

--O Sr. Alvela de TEGA di que no pasado pleno do mes de marzo fixo unha consideración sobre dos terreos da masa común de San Miguel de Sarandón, que agora colleu un rumbo distinto segundo as novidades do Sr. Alcalde. Non obstante, e dado que o recurso contencioso contra do proceso de expropiación está sen resolver, quere deixar constancia da alternativa formulada no pleno de marzo, da “permuta forzosa”, contemplada na Lei do Solo, ante a posibilidade de que a sentenza non sexa favorable para o concello.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.